Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Heroes e heroínas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Onde estará o tesouro do pirata Benito Soto?

Cando o pirata pontevedrés Benito Soto Aboal (1805-1830), un dos últimos, senón o derradeiro, e o máis sanguinario dos piratas do Atlántico, foi executado en Xibraltar o 25 de xaneiro de 1830, comezou a lenda arredor do paradoiro dos seus tesouros.

Na praia gaditana onde embarrrancara o seu barco □El Defensor de Pedro□, que xa fora rebautizado como □Burla Negra□, seica atoparon moedas acuñadas entre 1752 e 1757.

En Pontevedra, sempre se especulou co posible paradoiro do tesouro deste pirata na súa cidade natal:

Estará nalgún lugar do edificio doantigo bar Pitillo?, ou□

estará na Casa das Campás, hoxe, sede do Vicerrectorado da Universidade de Vigo? ou□

... como nos di Calros Solla en □O tesouro dos Fontao□:

É □vox populi□ que os Fontao de Cerdedo, nomeados canteiros, atoparon un pote atacoado de moedas de ouro mentres □muriaban□ na escalinata da basílica de Santa María A Maior de Pontevedra. Testemuños dignos de creto aseguran que o achádego era quiñón do tesouro de Benito Soto, o pirata da Moureira.

Para poder achegarse ás respostas, se é que as hai, pode resultar de axuda ler as novelas □La Burla Negra, de J. Mª Castroviejo, □El dueño del miedo□, de Ramón Solís, □Amargas han sido las horas□, de Alberto Fortes, ou □Morning Star□ de Xosé Miranda.





BENITO SOTO